

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

NOVAS VOCES GALEGAS

XOVES 31 OUTUBRO 2024

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Diego Martin-Etxebarria, director

CONVERSANDO CON... Diego Martin-Etxebarria

Sala Mozart, 19.45 h



PROGRAMA



Concerto en colaboración
coa Asociación de Amigos da Ópera
de Santiago de Compostela

I

GIOACHINO ROSSINI (1792-1868)

O barbeiro de Sevilla
(Abertura e extractos)

Abertura

Aria "Una voce poco fa"

Aria "Largo al factotum"

Duetto "Dunque io son"

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

As vodas de Fígaro
(Abertura e extractos)

Abertura

Aria "Dove sono"

Aria "Deh vieni, non tardar"

Duetto "Sull'aria"

Terzetto "Susanna, or via, sortite"

II

DOMENICO CIMAROSA (1749-1801)

O matrimonio secreto
(Abertura e extractos)

Abertura

Aria "Udite, tutti udite"

Aria "Se son vendicata"

Terzetto "Cosa farete? Via, su, parlate"

JOHANN STRAUSS (1825-1899)

O morcego (Abertura e extractos)

Abertura

Terzetto "So muss allein ich bleiben"

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Diego
Martin-Etxebarria

VIOLÍNS I

James Dahlgren,
concertino
Adriana Winkler,
axuda de concertino
Anca Smeu **
Ildiko Oltai
Michal Ryczel
Anna Alexandrova
Victoria Jurov
Ilya Fisher
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Helena Sengelow

Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Elina Viksne

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Iriana Fernández
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska
Millán Abeledo
Manuel Lorenzo
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo

FRAUTAS

Luis Soto
Carlos Cascales

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Vicente López **
Daniel Veiga (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela
Pablo Pazos (R)

TROMPETAS

Ramón Llätser **
Javier Simó (R)

TROMBÓNS

Juan Luis Novo (R)
Rita Fernández (R)
Marcos Pereiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Prado (R)
Sergio Sanchis (R)

DIEGO MARTIN-ETXEBARRIA

DIRECTOR

Diego Martín-Etxebarria é un dos directores españois máis destacados da súa xeración. O seu ambicioso perfil profesional e artístico defínese por unha carreira con distintas facetas e que combina habitualmente ópera, repertorio sinfónico e ballet desde o período barroco ata estreas mundiais. Martín-Etxebarria saltou á fama internacional cando recibiu o Primeiro Premio, o Premio Hideo Saito e o Premio Asahi no Concurso de Dirección de Tokio en 2015. Foi Director Residente Principal na Ópera de Chemnitz de 2020 a 2023, despois de ser Director Residente Principal e Director Musical Adxunto das Óperas de Krefeld e Mönchengladbach de 2016 a 2020.

Foi convidado por orquestras internacionais como a Filarmónica de Osaka, a Sinfónica Yomiuri Nippon, a Filarmónica de Nagoya, a Filarmónica de Kansai, a Sinfónica de Osaka, a Sinfónica Central de Aichi, a Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia, a Orquestra Filarmónica Nacional de Armenia, a Orquestra Filarmónica de Friburgo, a Orquestra Filarmónica de Heidelberg ou a

Sinfónica Estatal de San Petersburgo. No seu país dirixiu a Orquestra Nacional de España, a Sinfónica de Radio e Televisión Española, a Sinfónica de Bilbao, a Sinfónica de Euskadi, a Sinfónica de Galicia, a Filarmónica de Galicia, a Sinfónica de Barcelona, a Sinfónica de Tenerife, a Orquestra Ciudad de Granada, a Filarmónica de Málaga, a Filarmónica de Oviedo e a Sinfónica do Vallès.

No ámbito operístico dirixiu *Die Verwandlung* e *Die Blinden* de Paul-Heinz Dittrich na Staatsoper de Berlín; *La Bohème* de Puccini no Theater Augsburg; *Tristan und Isolde* de Wagner, *Aida* de Verdi, *Die Entführung aus dem Serail* de Mozart, *Dás schlaue Füchlein* de Janacek, *Die lustige Witwe* de Léhar, *Hänsel und Gretel* de Humperdinck, *Der Schuhu und die fliegende Prinzessin* de Zimmermann no Teatro Chemnitz; *The Love for Three Oranges*, de Prokofiev, no Teatro de Heidelberg; *Die Zauberflöte* de Mozart, *Hänsel und Gretel* de Humperdinck, *O cónsul de Menotti*, *Nabucco* de Verdi, *Gianni Schicchi* de Puccini, *Cavalleria rus-*

ticana de Mascagni, *Orphee aux Enfers* de Offenbach, *Die Faschingsfee* de Kálmán e *Rusalka* de Dvorak, nas Óperas de Krefeld e Mönchenglad levar unha vida de solteiro; *Don Pasquale* de Donizetti en Terrassa; Rita de Donizetti no Volksbühne de Berlín; *L'Elisir d'amore* de Donizetti no Teatro Principal de Palma, Vigo, Ourense e Pontevedra; *O Gato con botas* de Montsalvatge no Teatro Real de Madrid; *Die Zauberflöte* de Mozart no Kleines Haus Dresden; *Carmen* de Bizet no Festival de Santa Florentina, *Powder Her Face* de Adés no Teatro Arriaga de Bilbao; e tamén *Tres Sombreros de Copa* de Ricardo Llorca.

Recentemente gravou un disco para Sony con música de Albert Guinovart dirixindo a Orquestra Sinfónica de Barcelona así como a ópera *Der Schuhu und die fliegende Prinzessin* de Udo Zimmermann para Deutschlandfunk. Entre as súas gravacións anteriores destacan o CD Intimitats con música do premiado compositor Marc Temón, a comedia lírica *Viólaa d'Or* de Enric Morera (Premio Enderrock á Mellor Crítica de Álbum Clásico 2016), o DVD Sinfokids 2 á fronte da Orquestra Sinfónica de Euskadi e a ópera curta de Joaquim Serra *Tempesta esvaída* dirixindo a Franz Schubert Filharmonia.

Martín-Etxebarria comezou os seus estudos musicais nos conservatorios de Amurrio e Vitoria e licenciouse en dirección de orquestra na Escola Superior de Música de Cataluña. A Fundación Humboldt, La Caixa- DAAD e a AIE outorgáronlle unha bolsa para realizar estudos de posgraduado en dirección de ópera en Hochschulen de Weimar e Dresden, ben como na Academia Chigiana de Siena (Italia) con Gianluigi Gelmetti. Outros directores que influíron na súa carreira son Riccardo Frizza, Donato Renzetti, Dima Slobodeniouk, Christopher Seaman, Jesús López Cobos, Titus Engel e Lutz Köhler.

EMILIA PÉREZ

SOPRANO

Emilia Pérez naceu en Galicia en 1999, actualmente estuda un mestrado en *Music Performance* na Zürcher Hochschule der Künste, baixo a dirección da soprano Martina Jankova. Anteriormente, obtivo o seu Grao Superior en Interpretación e Canto no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde estudou co tenor José Antonio Campo.

En 2023, recibiu a bolsa Fundación Ópera Actual e participou na 3ª edición do proxecto Crescendo: Creamos Ópera, da Fundación Amigos do Teatro Real. Para complementar a súa formación, asistiu a clases maxistras con recoñecidos artistas como Jacques Imbrailo, Leigh Melrose e Sabina Puértolas no Teatro Real en 2023.

A soprano tamén participou en diversos eventos e producións operísticas, destacando a súa participación nos XXV e XXVI Cursos de Formación Profesional da Escola d'Òpera de Sabadell, onde debutou nos roles de

Berta en *O Barbeiro de Sevilla* e Donna Anna en *Don Giovanni* coa Fundació Òpera de Catalunya. Tamén interpretou a Susanna en *Il segreto dei Susanna* de E. Wolf-Ferrari nunha coprodución do CSM Vigo, a ESAD de Galicia e o IES Audiovisual de Vigo.

No último ano, a soprano colaborou na celebración do 40 Aniversario do Consello da Cultura Galega. Formou parte da última xira de LG Artist Management d'O *Barbeiro de Sevilla* nunha decena de teatros en España. Ademais, debutou o *Stabat Mater* de Haydn xunto á Terra Nova, Xove Orquestra de Lugo e ofreceu un recital no festival Outono Lírico 2022 para a Asociación de Amigos da Ópera de Vigo.

Foi galardoada co Premio Andrés Gaos no V Concurso de Canto Compostela Lírica 2022 e o 1.º Premio no IV Concurso Nacional de Canto Ciudad de Albacete, entre outros recoñecementos.

LUCÍA IGLESIAS

SOPRANO

Nada no ano 2000, Lucía Iglesias descubriu a súa vocación polo canto e a ópera á temperá idade de oito anos, cando foi seleccionada para interpretar un papel infantil na ópera *Werther* de J. Massenet no prestigioso Festival Mozart da Coruña, baixo a dirección de Víctor P. Pérez e Graham Vick. Posteriormente, estudou piano e canto no conservatorio da súa cidade, obtendo o premio fin de carreira nesta última especialidade.

En 2019 debutou profesionalmente na *La Cenerentola* de G. Rossini con Ópera a Catalunya. Malia súa pouca idade, debutou en teatros españois e italianos diversos roles como: Musetta (*La Bohème*, G. Puccini), Adina (*Elisir d'amore*, G. Donizetti), Susanna (*Le Nozze de Figaro*, W.A Mozart), Clorinda (*La Cenerentola*, G. Rossini), Zweite Dáme (*Die Zauberflöte*, W.A Mozart), entre outros. A crítica describiu a súa voz como dúctil e fresca e as súas interpretacións teatrais foron etiquetadas como exquisitas e expresivas.

A soprano galega foi gañadora en diferentes certames internacionais como o Clara Schumann Competition, Concorso Spazio Musica, Compostela Lírica, Germans Pla ou o concurso Mirna Lacambra, e recibiu leccións de sopranos de renome como Lisette Oropesa, Mariela Devia, Nadine Sierra ou Deborah Polaski.

Ademais, é licenciada en Música e obtivo un mestrado en Teatro na Universidade Internacional d'A Rioxa. Actualmente prepara os seus futuros compromisos cos seus mestres Daniel Muñoz e Manuel Burgueras.

LUCAS LÓPEZ LÓPEZ

BARÍTONO

Nado no ano 2000, Lucas López é graduado superior en piano e canto polo Conservatorio Superior de Música de Vigo. Actualmente continúa os seus estudos de canto na Zürcher Hochschule der Künste (Suíza) baixo a tutela do tenor Werner Güra.

Obtivo o Primeiro Premio no VIII Concurso de Solistas do CSMVigo. Tamén foi gañador das XXIV e XXV edicións do Concurso Mirna Lacambra, debutando así na temporada de Òpera a Catalunya.

Recentemente acadou o Premio Andrés Gaos no VI Concurso de Canto Compostela Lírica, así como diferentes galardóns no XVI Concours International de la Mélodie de Gordes. Formou parte da Ton Koopman Academy en Den Haag, Holanda, ademais de ser membro da Bachcelona Akademie.

Participou en ciclos de concertos como o International M.K. Festival Ciurlionis en Palanga (Lituania); "Música para una época" do Museo de Belas Artes de A Coruña;

"Músicas abertas", da Banda Municipal de Santiago de Compostela; ou "Novas voces galegas", de Amigos da Ópera de A Coruña. Protagonizou producións de *Die Zauberpflöte*, *O Barbeiro de Sevilla*, *The telephone*, *Il segreto di Susanna*, *Dido and Eneas*, *Carmina Burana*, entre outros títulos.

NOTAS AO PROGRAMA

NOVAS VOCES GALEGAS

O concerto desta noite leva por título *Novas voces galegas* e trátase dunha colaboración entre a Real Filharmonía de Galicia e Amigos da Ópera de Santiago de Compostela. Ademais enmárcase dentro do conxunto de actividades organizadas arredor da exposición “Cantantes líricas galegas dos séculos XIX e XX. De Galicia aos teatros de Europa, América e África” comisariada por Francisco Javier Garbayo Montalbes e María del Carmen Lorenzo Vizcaíno. A súa pretensión é poñer en valor unha nova xeración de cantantes galegos nados arredor do ano 2000 e que xa están a desenvolver as súas carreiras con gran éxito por distintos teatros nacionais e internacionais como son Emilia Pérez, Lucía Iglesias e Lucas López. O programa está conformado pola abertura e distintos números de catro célebres óperas: *O barbeiro de Sevilla* de Gioachino Rossini; *As vodas de Fígaro* de Wolfgang Amadeus Mozart; *Il matrimonio segreto* de Domenico Cimarosa; e *O morcego* de Johan Strauss II.

A primeira obra que escoitaremos esta noite é *O barbeiro de Sevilla* de Gioachino Rossini (1792-1868) estreada en Roma en 1816. Por aquel entón, o compositor italiano estaba traballando moi duramente en Nápoles pero aproveitaba os dous meses de vacacións do seu contrato (dende mediados de decembro a febreiro) para pasar un tempo en Roma e traballar para outros teatros. Curiosamente un dos títulos que fixo apresuradamente nunha destas escapadas converteuse na obra máis coñecida e de maior éxito do seu catálogo (non así na estrea). *O barbeiro é unha ópera cómica* con libreto de Cesare Sterbini baseado nunha novela co mesmo título de Pierre C. de Beaumarchais, e aborda o tema que o compositor Paisiello usara para a súa ópera homónima estreada en Rusia en 1782 (de feito para evitar nun principio malentendidos, a de Rossini titulouse *Almaviva, ossia l'Inutil precauzione*). Rossini combina nesta obra trazos da ópera bufa coa tradición do *bel canto* que

el mesmo inaugurara, e na que se busca a beleza do canto, cunha técnica natural e sen estridencias. O protagonista é o barbeiro da cidade, Fígaro, quen axuda a un conde (disfrazado de Lindoro, un soldado pobre) a conseguir a man de Rosina, fermosa e adiñeirada nobre que está encerrada polo seu gardián o Doutor Bartolo, que quere casar con ela pola súa cuantiosa herdanza. O argumento é caótico e está formado por identidades falsas, segredos e pelexas de borrachos.

En primeiro lugar a orquestra interpretará a abertura que presenta unha estrutura de forma sonata (Exposición-Desenvolvemento-Recapitulación), sen a sección central, a do desenvolvemento, algo moi típico das aberturas de ópera clásicas e neste caso precedida por unha introdución lenta. Tanto na exposición como na recapitulación escoitamos dous temas: A, coñecidísimo e B, tocado na primeira sección polo óboe e a trompa, mentres que na segunda será interpretado por clarinete e fagot. Finalmente unha coda cun *accelerando* moi típico da escritura rossiniana. Atopamos ademais outras características propias do compositor: melodismo, ritmos

alegres e concisos, frases claras, orquestración económica, relevancia dos instrumentos de vento ou o “crescendo Rossini” (repetición dunha frase musical cada vez máis forte e frecuentemente nun ton máis alto). Esta abertura era un material “reciclado”, xa que fora usada antes en *Aureliano en Palmira* (1813) e en *Isabel, raíña de Inglaterra* (1815) e substituíu á que sonou na estrea. Seguidamente, desfrutaremos da aria para soprano “Una voce poco fa” interpretada polo personaxe de Rosina no primeiro acto. Primeiro, hai unha introdución orquestral que adianta temas que logo sonarán e logo atopamos dúas partes contrastantes: o *Cantabile*, lento, no que se expresan estados anímicos tranquilos e a *Cabaletta*, rápida e relacionada con sentimentos máis activos. Despois, “Largo al factotum”, un dos números máis famosos de toda a historia da ópera polo seu célebre “Fígaro, fígaro, fígaro” e utilizado en películas, anuncios e outros contidos audiovisuais ben populares. O fragmento insírese no primeiro acto e nel o personaxe de Fígaro, interpretado por un barítono, preséntase. Trátase dunha aria esixente que require dunha gran axilidade vocal e a transmisión da comicidade do personaxe. Finalmente, o *duetto*

“Dunque io son” para soprano e barítono tamén pertence ao primeiro acto e no que Rosina e Fígaro falan. A primeira dálle unha nota que escribiu para Lindoro (o falso soldado pobre que é en realidade o conde) na que mostra os seus sentimentos.

A segunda ópera que visitaremos é *As vodas de Fígaro*, KV.492 de Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791). Esta ópera do xenio austríaco estreouse no Burgtheater de Viena o 1 de maio de 1786 co compositor dirixindo dende o teclado. Aínda que a día de hoxe é unha das máis representadas a nivel mundial, nesta primeira representación non obtivo un gran éxito. Trátase dunha ópera bufa, é dicir, de carácter cómico, que aborda as intrigas amorosas entre nobres e plebeos e que marca o inicio da colaboración entre Mozart e o libretista Lorenzo da Ponte co que tamén faría *Don Giovanni* e *Così fan tutte*. Da Ponte adaptou como libreto unha polémica novela do escritor francés Pierre C. De Beaumarchais *La folle journée, ou Les noces de Figaro* que fora prohibida en distintas cortes europeas polo seu contido antiabsolutista e antinobiliario e que formaba parte dunha triloxía na que tamén se basea *O barbeiro de Sevi-*

lla de Rossini. O emperador Xosé II non permitira a representación teatral de Beaumarchais e tralo éxito da ópera de Mozart veuse obrigado a promulgar un edicto que prohibía a repetición das arias a solo. Na ópera atopamos oito personaxes de distintas clases sociais: nobres (Conde e Condesa de Almaviva); plebe (Fígaro, criado do conde e Susanna, criada da Condesa); medio-nobres (Bartolo, Marcellina e Basilio) e a maiores, Cherubino, un aristócrata adolescente e namorado. O compositor fai unha caracterización psicolóxica dos personaxes a través dos tipos vocais e a forma das súas liñas melódicas e tamén utiliza os instrumentos para ilustrar distintas temáticas como o clarinete para o amor, o óboe para a dor e o fagot para a burla.

As vodas de Fígaro está dividida en catro actos precedidos por unha abertura, que será o primeiro fragmento que escoitaremos. Destinada unicamente á orquestra, sen intervención das voces, introdúcenos no clima desenfadado e fresco da ópera. Escrita en Re M e cunha indicación de tempo presto, volve a presentar a mesma estrutura que a de Rossini: forma sonata sen desenvolvemento. Na exposición escoli-

tamos o primeiro tema nas cordas e o fagot, unha especie de murmurio en *pianísimo* de carácter sinuoso e logo un segundo tema que se divide en dúas partes. Tras isto, unha transición dá paso directamente á recapitulación, cos mesmos temas que xa se escoitaron. Unha coda (sección final) pecha a abertura. Seguidamente, “Dove sono”, unha aria para soprano cantada polo personaxe da Condesa de Almaviva no terceiro acto da ópera. A nobre canta e expresa de forma contida a dor que sente polas infidelidades do seu esposo o Conde de Almaviva. Trátase dunha liña melódica sen estridencias vocais dado o status social do personaxe que Mozart reflectía deste xeito. Tamén para soprano é “Deh vieni, non tardar”, aria cantada polo personaxe de Susanna (a criada da Condesa) no cuarto acto. Trátase dun canto de amor ao seu futuro marido Fígaro e tamén se aborda a utopía dun mundo sen diferencias de clase. O óboe e o fagot introducen o tema da aria ata a entrada da cantante. A continuación, dous números colectivos. O dueto “Sull’aria” do terceiro acto, protagonizado por Rosina (Condesa de Almaviva) e Susanna acompañadas de óboe, fagot e cordas. A primeira dálle unha carta á súa criada para organizar unha falsa

cita co seu marido e demostrar así a súa infidelidade. Finalmente, “Susanna, or via, sortite”, *tercetto* para dúas sopranos e barítono pertencente ao segundo acto e protagonizado de novo por Susana e a Condesa, e agora tamén polo Conde.

Despois destes dous grandes xenios –Mozart e Rossini– chega outro título que con frecuencia se relaciona cas ópera destes autores: *Il matrimonio segreto* de Domenico Cimarosa (1749-1801), pola gran influencia que se pode detectar nela dos dous mestres (especialmente no caso de Mozart nos números de conxunto dos finais de acto e na abertura). A obra de Cimarosa é unha ópera bufa en dous actos con libreto de Giovanni Bertati inspirado e baseado na comedia *The clandestine marriage* de David Garrick e George Colman. *Il matrimonio segreto* estreouse o 7 de febreiro de 1792 no Teatro Hofburg Imperial de Viena, cidade á que Cimarosa chegara o ano da morte de Mozart –1791– invitado polo emperador, despois de pasar catro anos en San Petesburgo. Coméntase que a estrea foi tan exitosa que o propio Leopoldo II pediu un bis íntegro da ópera despois de ofrecerlle unha cea aos artistas. Así mesmo a fama e o éxito

estendéronse polo resto de Europa e o propio Verdi, anos despois, recoñecía que era un dos seus títulos favoritos. A historia, que xira en torno a un gran segredo, sitúase en Bolonia no S.XVIII e ao igual que as obras xa comentadas, o seu argumento inclúe unha serie de enfados, enredos e malentendidos nun ton humorístico. Paolino, contable, casa en segredo con Carolina, unha das fillas do seu xefe Xerome, un rico e avaro comerciante. A situación vaise complicando pouco a pouco coa entrada en escena doutros personaxes: o conde Robinson, con quen Xerome acordara un matrimonio coa súa outra filla Elisetta, namórase de Carolina e pide renunciar a parte da dote se lle concede a man desta. Ademais, unha tía de Carolina, Fidalma, está namorada de Paolino e perségueo con declaracións amorosas. Paolino tenta convencer á súa esposa secreta para fugar, pero esta dubida e todo acaba por descubrirose. A ópera acaba finalmente de maneira feliz e triunfa o amor.

Como nos casos anteriores, primeiramente, escoitamos a abertura. De seguido unha aria para barítono titulada "Udite, tutti udite" ("escoitade todos, escoitade") pertencente ao primeiro acto e interpretada

polo personaxe de Xerome. Neste número o vello comerciante amosa a súa alegría polo "apaño" dunha voda co conde Robinson para a súa filla Elisetta. A continuación, a famosa aria de Elisetta "Se son vendicata" do segundo acto. Este fragmento presenta pasaxes de coloratura caracterizados por unha gran rapidez e axilidade vocal no que se demostra un gran dominio técnico. O último número que escoitaremos é o terzetto: "Cosa farete? Via, su, parlate", tamén do acto segundo e escrito para dúas sopranos a barítono. Neste hilarante trío os personaxes de Fidalma, Elisetta e Don Xerome planifican enviar a Carolina a un retiro para intentar resolver o "lío" no que derivou toda a situación.

Pecha o concerto *O morcego* de Johan Strauss II (1825-1890) estreada con pouco éxito no Theater an der Wien de Viena o 5 de abril de 1874, o mesmo teatro no que 80 anos antes se dera a coñecer *A fruta máxica* de Mozart. Trátase dunha opereta, un novo tipo de ópera lixeira con diálogos falados derivado da *opéra bouffe* de Offenbach que tiña por finalidade o entretemento. É a obra máis coñecida deste compositor membro dunha famosa saga de compo-

sitores de vals e polcas por todos coñecidos e que se acostuman a interpretar no concerto de ano novo. A trama xira arredor de enredos amorosos, infidelidades, travestismos, que a enlazan, de feito, co universo das anteriores. O seu libreto é obra de Carl Haffner e Richard Genée e está baseado na obra *Le réveil* de Henri Meilhac e Ludovic Halévy's. A selección para este programa, inclúe a abertura, moi coñecida e interpretada de maneira habitual como peza de concerto independente, e o *terzetto*: "So muss allein ich bleiben" para dúas sopranos e barítono.

Un programa cheo de alegría coa interpretación de novos talentos da nosa terra dunha selección de números de óperas de carácter cómico, que en moitos casos non empezaron con bo pé, pero que se converteron en imprescindibles de tódolos teatros de ópera a nivel mundial.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

PRÓXIMO CONCERTO
ROMÁNTICA

XOVES 7 NOVEMBRO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Baldur Brönnimann, director

- Raquel García-Tomás: Ceci n'est pas une valse*
- * Co encarga da Real Filharmonía de Galicia, Palau de la Música Catalana, Orquestra Simfònica del Vallès e Fundació Catalunya-La Pedrera. Estrea absoluta
- Anton Bruckner: Sinfonía núm. 4 en Mi bemol maior "Romántica"

